

I. DISPOSICIÓN XERAIS

CONSELLERÍA DE SANIDADE

Decreto 310/2009, do 28 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Sanidade.

De conformidade co establecido no Estatuto de autonomía de Galicia e na Lei 8/2008, de saúde de Galicia, correspóndelle á Consellería de Sanidade a coordinación do Sistema de Saúde de Galicia, conforme os principios reitores de universalidade do dereito aos servizos e ás prestacións de cobertura pública, a orientación de cara á cidadanía e á participación social e comunitaria na formulación de políticas, a promoción da equidade e do equilibrio territorial no acceso e na prestación dos servizos sanitarios e a integración funcional de todos os recursos públicos, e a eficacia, efectividade e eficiencia na xestión do Sistema Público de Saúde de Galicia, entre outros.

Para alcanzar os obxectivos establecidos, a Consellería de Sanidade debe contar cunha organización sanitaria que actúe coa máxima eficacia no ámbito da protección e coidado da saúde que ten encomendado.

O compromiso de austeridade, eficacia e eficiencia no deseño e funcionamento da Administración da Xunta de Galicia, adquirido polo Goberno e plasmado no Decreto 79/2009, do 19 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, debe ter a necesaria translación e reflexo nas normas regulamentarias que establecen a estrutura orgánica dos seus distintos departamentos, entre os que se atopa a Consellería de Sanidade.

Esta nova dimensión organizativa reflíctese xa no Decreto 83/2009, do 21 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica dos departamentos da Xunta de Galicia, que no seu artigo 6 establece como órganos superiores da Consellería de Sanidade a súa Secretaría Xeral e a Dirección Xeral de Saúde Pública e Planificación, o que implica a redución e racionalización da estrutura que anteriormente tiña asignada o mesmo departamento.

Así mesmo, convén destacar o alcance do Decreto 245/2009, do 30 de abril, polo que se regulan as delegacións territoriais da Xunta de Galicia, e a súa incidencia -directa e indirecta- na configuración periférica da Administración autonómica e dos distintos departamentos que a integran.

En particular, polo que se refire á estrutura de Administración periférica, este decreto recolle o modelo organizativo plasmado no Decreto 245/2009, de tal maneira que, en aplicación dos principios de racionalidade, eficiencia e austeridade, o Departamento Territorial de Pontevedra estende a súa competencia a todo o ámbito provincial, sen prexuízo das funcións de coordinación que corresponden aos delegados territoriais de Pontevedra e Vigo no seu

respectivo ámbito territorial, de acordo co artigo 2 de norma citada.

Estes cambios esenciais na filosofía organizativa e na xestión pública deben ter a necesaria continuidade na norma de estrutura da Consellería de Sanidade, co obxecto de responder ás demandas e necesidades que a xestión do ámbito competencial propio establece a propia organización e os destinatarios da súa actividade, atendendo a criterios de eficiencia e racionalidade no gasto público, ao establecer unha nova estrutura da consellería.

De conformidade co establecido anteriormente, recóllense nun único centro directivo, tal como foi acordado no Consello da Xunta de Galicia do 23 de abril de 2009, as funcións que ata ese momento correspondían á Dirección Xeral de Saúde Pública e á Dirección Xeral de Aseguramento e Planificación Sanitaria.

Con respecto ao modelo organizativo, mantense o criterio de separar a planificación, o financiamento e a avaliación da xestión do Sistema Público de Saúde de Galicia, que corresponden á Consellería de Sanidade, e a execución das prestacións que lle corresponden ao Servizo Galego de Saúde, organismo autónomo de carácter administrativo adscrito á Consellería de Sanidade, segundo o establecido na Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.

Así mesmo, faise mención na estrutura orgánica aos órganos de consulta, asesoramento e coordinación existentes na consellería.

Este decreto dítase ao abeiro do establecido nas disposicións transitorias primeira e segunda do Decreto 83/2009, do 21 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica dos departamentos da Xunta de Galicia.

Polo tanto, en virtude do disposto na Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa presidencia, por proposta da conselleira de Sanidade, co informe previo da Consellería de Facenda e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día vinte e oito de maio de dous mil nove,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-A Consellería de Sanidade.

1. A Consellería de Sanidade é o órgano da Administración autonómica responsable da superior dirección e control do desenvolvemento das funcións e competencias que lle corresponden á Xunta de Galicia en materia de sanidade, de acordo co establecido nos artigos 27.23º, 28.8º e 33 do Estatuto de autonomía de Galicia e que lle foron asignadas polo Decreto 28/1980, do 15 de outubro, polo artigo 76 da Lei 8/2008, de 10 de xullo, de saúde de Galicia e pola Lei 5/1999, do 21 de maio, de ordenación farmacéutica.

2. Así mesmo, correspóndelle o exercicio das competencias que para situacións sanitarias urxentes ou

de necesidade se recollen na Lei orgánica 3/1986, do 14 de abril, de medidas especiais en materia de saúde pública.

CAPÍTULO I
SERVIZOS CENTRAIS

Artigo 2º.-*Estrutura.*

1. A Consellería de Sanidade, para o cumprimento das súas funcións, contará coa seguinte estrutura nos seus servizos centrais:

- a) A conselleira ou o conselleiro.
- b) A Secretaría Xeral.
- c) A Dirección Xeral de Saúde Pública e Planificación.

2. O Servizo Galego de Saúde, organismo autónomo de carácter administrativo creado pola Lei 1/1989, do 2 de xaneiro, de creación do Servizo Galego de Saúde, estará adscrito á Consellería de Sanidade.

Artigo 3º.-*A conselleira ou conselleiro.*

A conselleira ou conselleiro de Sanidade é a superior autoridade da consellería, e con tal carácter desempeña e exerce as competencias que lle confiren a Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, modificada pola Lei 11/1988, de 20 de outubro, e pola Lei 2/2007, do 28 de marzo; e a Lei 2/1996, do 8 de maio, de Galicia sobre drogas, en relación co Decreto 254/1997, do 10 de setembro, e a Lei 5/1999, do 21 de maio, de ordenación farmacéutica.

Artigo 4º.-*A Secretaría Xeral.*

1. A Secretaría Xeral exercerá as funcións e competencias establecidas no Decreto 119/1982, do 5 de outubro, en relación con todas as unidades e servizos dependentes da Consellería de Sanidade e a inspección dos servizos, centros e organismos dependentes ou adscritos á consellería, sen prexuízo das funcións que se lles atribúan a outros órganos dos diferentes departamentos da Xunta de Galicia.

2. Correspóndenlle tamén:

a) Con respecto aos sistemas e tecnoloxías de información, e baixo a perspectiva de articular un proxecto único para a Consellería de Sanidade e para o Servizo Galego de Saúde, o deseño da estrutura básica do sistema de información do sistema sanitario de Galicia, a normalización, mantemento e explotación dos sistemas e tecnoloxías de información e a definición, coordinación e supervisión dos plans de información e sistemas da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde, sen prexuízo das funcións atribuídas a outros órganos dos diferentes departamentos da Xunta de Galicia. A Secretaría Xeral da Consellería de Sanidade poderá definir e articular as comisións técnicas necesarias para o desenvolvemento das funcións desta unidade.

b) A inspección que se exercerá sobre todos os centros, servizos, establecementos e prestacións sanitarias e farmacéuticas de titularidade pública ou privada e outros establecementos suxeitos a control sanitario da Comunidade Autónoma de Galicia. Os efectivos que desenvolvan esta función, que teñen o carácter de autoridade, dependerán orgánica e funcionalmente da Secretaría Xeral.

c) A ordenación e o exercicio das potestades disciplinarias dos recursos humanos da consellería e do Servizo Galego de Saúde, sen prexuízo das competencias atribuídas á Consellería de Facenda.

d) A iniciación, de oficio ou por proposta do organismo autónomo Servizo Galego de Saúde, dos procedementos sancionadores a establecementos farmacéuticos, así como as funcións que lle atribúen as normas reguladoras das oficinas de farmacia; dos servizos de farmacia e depósitos de medicamentos nas estruturas de atención primaria; das boticas anexas e dos establecementos de fabricación, distribución e de venda de produtos sanitarios.

e) A elaboración e redacción do proxecto de orzamento da consellería, o establecemento de bases e directrices da xestión económica, e a ordenación dos investimentos, instalacións, equipamentos e outros gastos e pagamentos da consellería.

f) A elaboración, redacción, seguimento e avaliación dos plans anuais e cuadrienais de traballo establecidos no ámbito da sanidade galega, así como as funcións de coordinación, apoio e documentación nas relacións que, en materia sanitaria, mantén a consellería con outras administracións públicas e o Consello Interterritorial do Sistema Nacional da Saúde.

g) A coordinación da rede de bibliotecas da consellería e do Servizo Galego de Saúde, para o que contará co asesoramento dun grupo técnico do cal formarán parte os responsables das bibliotecas dependentes da consellería e do Servizo Galego de Saúde.

h) Ademais das competencias que lle atribúa a normativa en vigor e o exercicio daquelas funcións que lle sexan singular ou especificamente encomendadas ou delegadas pola conselleira ou conselleiro de Sanidade.

Artigo 5º.-*Estrutura da Secretaría Xeral.*

1. A Secretaría Xeral, para o exercicio das súas funcións, contará coa seguinte estrutura:

- a) A Vicesecretaría Xeral.
- b) A Subdirección Xeral de Réxime Xurídico e Administrativo.
- c) A Subdirección Xeral de Sistemas e Tecnoloxías da Información.
- d) A Subdirección Xeral de Inspección, Auditoría e Acreditación.

2. Dependendo organicamente da Secretaría Xeral, con nivel orgánico de subdirección xeral, existirán as seguintes unidades:

a) Intervención Delegada.

b) Asesoría Xurídica, que se rexerá polo disposto no Decreto 343/2003, do 11 de xullo, polo que se aproba o Regulamento orgánico da Asesoría Xurídica da Xunta de Galicia, e contará co número de efectivos que se determine na correspondente relación de postos de traballo.

Adscribíense á Secretaría Xeral, o Comité Ético de Investigación Clínica, o Comité de Ética Asistencial e o Rexistro de Vontades Anticipadas.

Artigo 6º.-*A Vicesecretaría Xeral.*

1. Á Vicesecretaría Xeral, con nivel orgánico de subdirección xeral, correspóndelle, como órgano de apoio ao secretario xeral, o exercicio das seguintes funcións:

a) O apoio administrativo, de xestión, seguimento e coordinación das distintas unidades da consellería e dos servizos administrativos do Servizo Galego de Saúde, así como a elaboración de estudos e propostas nas materias de estrutura, organización, deseño de procedementos administrativos, tanto nos servizos centrais como periféricos da consellería e demais entidades adscritas.

b) Prestar asistencia técnica, xurídica e administrativa ao secretario xeral en todos os asuntos que este lle encomende.

c) Substituír o secretario xeral da consellería nos casos de ausencia, enfermidade ou vacante deste.

d) Todas aquelas actividades e funcións que lle sexan asignadas ou delegadas polo secretario xeral.

2. Contará, a nivel orgánico de servizo, coas seguintes unidades:

2.1. Servizo de Apoio Administrativo.

Correspóndelle a realización das seguintes funcións:

a) O apoio administrativo no seguimento das accións de coordinación encomendadas á Vicesecretaría Xeral e na elaboración de propostas en materia de organización e deseño de procedementos administrativos, tanto nos servizos centrais como nos periféricos da consellería; a tramitación dos convenios de colaboración para prestación sociosanitaria cuxa xestión lle corresponda á Vicesecretaría Xeral.

b) A participación no seguimento e actualización da normativa xurídica da consellería e nas actividades de comunicación e información que desenvolvan os órganos correspondentes da consellería e do Servizo Galego de Saúde, e en xeral, aquelas que dentro do seu ámbito lle sexan asignadas.

2.2. Servizo de Documentación, Publicacións e Estudos.

É a unidade á calle corresponde a emisión de informes e estudos, así como a organización, mantemento e divulgación do fondo documental da consellería e do Servizo Galego de Saúde.

Correspóndenlle as funcións da elaboración do plan editorial e da memoria anual da Consellería e do Servizo Galego de Saúde, así como a normalización e supervisión das memorias dos centros e servizos sanitarios e a realización de enquisas sobre a calidade percibida; a elaboración de informes e estudos que lle sexan solicitados e, en xeral, aquelas que dentro do seu ámbito lle sexan asignadas.

Artigo 7º.-*A Subdirección Xeral de Réxime Xurídico e Administrativo.*

1. É a unidade encargada do asesoramento técnico-administrativo-xurídico da consellería e do Servizo Galego de Saúde e da coordinación dos servizos de carácter xeral, do réxime interior, dos rexistros e arquivos xerais e aquelas que, dentro do seu ámbito competencial lle sexan asignadas ou delegadas.

2. Contará, a nivel orgánico de servizo, coas seguintes unidades:

2.1 Servizo Técnico Xurídico.

Correspóndenlle a este servizo as seguintes funcións:

a) A revisión técnica e tramitación dos proxectos de disposicións de carácter xeral, así como a tramitación e rexistro de instrucións e ordes de servizo tanto da consellería como do Servizo Galego de Saúde.

b) A preparación e tramitación dos expedientes que se eleven á Comisión de Secretarios Xerais ou ao Consello da Xunta de Galicia, tanto da consellería como do Servizo Galego de Saúde.

c) A elaboración e tramitación de propostas de resolución de recursos e reclamacións contra actos dos órganos da consellería e do Servizo Galego de Saúde, salvo os referentes a contratación e recursos humanos; de expedientes de reclamación patrimonial e en materia de oficinas de farmacia e anexos e os derivados de infraccións en materia de autorización de centros, servizos e establecementos sanitarios ou de produtos sanitarios; a tramitación de convenios de colaboración e a emisión de informes acerca da proposta de resolución de expedientes disciplinarios de persoal facultativo estatutario e do persoal non estatutario, así como as actuacións de coordinación co seguro de responsabilidade patrimonial derivada da asistencia sanitaria, sen prexuízo das funcións encomendadas a outras unidades.

d) A preparación das compilacións das disposicións vixentes así como a proposta de refundición e revisión dos textos legais que afecten a consellería e o Servizo Galego de Saúde, así como a coordinación en materia

de políticas de prevención de riscos laborais, no ámbito do persoal da consellería, e, en xeral, aquelas que, dentro do seu ámbito, lle sexan asignadas.

2.2. Servizo de Réxime Interior.

Correspóndelle a este servizo as seguintes funcións:

a) As relativas ao réxime interior, rexistro e o arquivo xeral da consellería, así como a xestión dos libros de rexistro e demais funcións en relación coas fundacións de interese galego sobre as cales a consellería exerza o protectorado.

b) A coordinación das publicacións de disposicións e outros actos ditados por órganos da consellería e do Servizo Galego de Saúde no *Diario Oficial de Galicia* e demais diarios oficiais.

c) A iniciación e tramitación dos expedientes disciplinarios do persoal non facultativo estatutario con destino na consellería e no Servizo Galego de Saúde, así como a xestión de subministracións de material de oficina, imprenta e consumibles informáticos para as distintas unidades e a xestión do parque móbil tanto da consellería como do Servizo Galego de Saúde e, en xeral, aquelas que, dentro do seu ámbito, lle sexan asignadas.

Artigo 8º.-*A Subdirección Xeral de Sistemas e Tecnoloxías da Información.*

1. É a unidade responsable de planificar, executar e/ou coordinar calquera iniciativa que se leve a cabo no ámbito dos sistemas e tecnoloxías de información na Consellería de Sanidade e no Servizo Galego de Saúde e organismos dependentes.

2. No ámbito das funcións atribuídas a esta unidade atópanse a planificación estratéxica, o deseño, adquisición, implantación, formación, soporte, normalización e mantemento dos sistemas de información sanitarios e a plataforma e servizos TIC que os sustentan, elaborando as propostas relativas á normativa nese ámbito e as medidas técnicas de todos os proxectos que impliquen integrar ou compartir información nos centros sanitarios do servizo sanitario público, constituíndo a unidade de referencia para as unidades TIC dependentes da consellería e do Servizo Galego de Saúde, e coordinará nese ámbito os plans de formación coas unidades competentes en materia de formación.

3. É a unidade encargada de velar pola dispoñibilidade e integridade da información no sistema sanitario e da implantación de sistemas de xestión de seguridade (incluíndo o marco legal) e da calidade tanto da información como da plataforma e os servizos que a sustentan, realizando as auditorías que correspondan.

4. Coordinará as iniciativas de I + D + i no ámbito das TIC sanitarias e realizará a supervisión da plataforma tecnolóxica que dea soporte a estas actividades dentro do sistema sanitario público, en coordinación coas unidades competentes na materia.

5. Aqueloutras que, dentro do seu ámbito competencial, lle sexan asignadas ou delegadas.

6. Para o desenvolvemento das indicadas funcións contará, con nivel orgánico de servizo, coas seguintes unidades:

6.1. Servizo de Xestión de Proxectos de Sistemas de Información.

É o servizo responsable da planificación, xestión e execución dos proxectos de sistemas de información nas áreas clínico-asistenciais, de xestión económica, de recursos humanos, inspección, aseguramento, planificación e saúde pública e de todas aquelas funcións que, dentro do seu ámbito, lle sexan asignadas.

6.2. Servizo de Soporte e Implantación.

É o servizo responsable da organización, planificación, xestión e supervisión do soporte, formación e implantación de aplicacións e sistemas informáticos nos seus distintos niveis de especialización, en todos os centros dependentes. Encárgase tamén do aseguramento da calidade e seguridade deles e de todas aquelas funcións que, dentro do seu ámbito, lle sexan asignadas.

6.3. Servizo de Infraestruturas e Arquitecturas Tecnolóxicas.

É o servizo encargado de planificación, instalación e xestión da plataforma tecnolóxica: centro de proceso de datos, infraestrutura de servidores, software de base, sistemas de almacenamento, rede corporativa de voz e datos, telefonía ip, centrais de chamadas e a intranet e web da organización. Encárgase tamén de elaborar e asegurar o cumprimento das políticas, metodoloxías e normativas TIC da organización e de todas aquelas funcións que, dentro do seu ámbito, lle sexan asignadas.

Artigo 9º.-*A Subdirección Xeral de Inspección, Auditoría e Acreditación.*

1. É a unidade da que depende a actividade inspectora, de auditoría e de acreditación incluída no ámbito competencial da Consellería de Sanidade, que se exercerá sobre todos os centros, servizos, establecementos e prestacións sanitarias de titularidade pública ou privada da Comunidade Autónoma de Galicia.

2. É competencia desta subdirección o desenvolvemento de actuacións, avaliación e coordinación en materia de:

a) Inspección, autorización, acreditación e auditoría de centros, servizos e establecementos sanitarios e sociosanitarios e outros establecementos suxeitos a control sanitario dentro dos plans e programas da consellería, incluíndo auditorías docentes de acreditación MIR, determinar novas liñas de auditoría para acreditación de centros así como coordinar as funcións de apoio que desenvolva a Inspección Central na Comunidade Autónoma de Galicia.

b) Inspección de servizos sanitarios en materia de saúde laboral.

c) Valoración das queixas e reclamacións, como garantía dos dereitos e deberes de usuarios e pacientes.

d) Xestión das prestacións sanitarias e farmacéuticas.

e) Instrución dos procedementos de responsabilidade patrimonial por danos derivados da asistencia sanitaria.

f) Cursos de formación continuada para o persoal de inspección.

g) Política de calidade nos servizos de inspección e unidades de investigación.

h) Publicidade sanitaria

i) Elaboración das propostas de iniciación e de resolución dos expedientes disciplinarios do persoal estatutario sanitario facultativo, así como as propostas de resolución dos recursos contra as resolucións dos devanditos procedementos

j) Iniciación e resolución de expedientes sancionadores a establecementos farmacéuticos, así como as propostas de resolución dos recursos contra as resolucións dos devanditos procedementos

k) Aqueloutras que, dentro do seu ámbito competencial, lle sexan asignadas ou delegadas.

3. Contará, co nivel orgánico de servizo, coas seguintes unidades:

3.1. Servizo de Xestión Xurídico-Administrativa.

Correspóndenlle as seguintes funcións:

a) A xestión, coordinación e seguimento da adecuación normativa das actuacións administrativas da inspección así como a realización de estudos, proxectos e informes da Inspección de Servizos Sanitarios.

b) A elaboración das propostas de iniciación e de resolución dos expedientes disciplinarios do persoal facultativo estatutario, así como as propostas de resolución dos recursos contra as resolucións dos devanditos procedementos, e a elaboración das propostas de iniciación e resolución dos procedementos sancionadores a establecementos farmacéuticos e, en xeral, todas aquelas funcións que, dentro do seu ámbito, lle sexan asignadas.

3.2. Servizo de Autorización de Centros, Servizos e Establecementos Sanitarios.

Correspóndenlle as seguintes funcións:

a) Elaborar as propostas de resolución das autorizacións relativas a centros, servizos e establecementos sanitarios da comunidade autónoma.

b) O seguimento e a avaliación da publicidade dos servizos sanitarios e, en xeral, todas aquelas fun-

cións que, dentro do seu ámbito, lle sexan asignadas.

3.3. Servizo de Reclamacións, Acreditación, Auditorías e Calidade.

Correspóndenlle as seguintes funcións:

a) A valoración e control das queixas e reclamacións do sistema sanitario e a coordinación das actuacións en materia de garantía dos dereitos e deberes dos usuarios e pacientes.

b) A acreditación de centros, establecementos e servizos sanitarios na comunidade autónoma; a realización das auditorías do programa de garantía da calidade en materia de protección radiolóxica e a programación da formación continuada ao persoal da inspección sanitaria e, en xeral, todas aquelas funcións que, dentro do seu ámbito, lle sexan asignadas.

3.4. Servizo de Inspección de Saúde Pública.

Correspóndenlle as seguintes funcións:

a) A implantación da política de calidade establecida para os servizos de inspección de saúde pública, así como proporcionar os medios necesarios para a consecución dos obxectivos de calidade definidos.

b) A coordinación e auditoría dos sistemas de aseguramento da calidade na actividade inspectora de saúde pública; o deseño e promoción dos programas de formación para o persoal dos servizos de inspección de saúde pública, así como a coordinación e supervisión das inspeccións en materia de seguridade alimentaria e sanidade ambiental, e a vixilancia e control das disposicións ditadas en materia de seguridade alimentaria e sanidade ambiental e, en xeral, todas aquelas funcións que, dentro do seu ámbito, lle sexan asignadas.

Artigo 10º.-Dirección Xeral de Saúde Pública e Planificación.

1. A Dirección Xeral de Saúde Pública e Planificación é o órgano encargado da promoción e protección colectiva da saúde da poboación galega e da planificación e ordenación sanitaria, o aseguramento, o desenvolvemento de sistemas de avaliación de tecnoloxías e programas sanitarios.

2. A súa misión é mellorar a saúde da poboación galega desde unha perspectiva comunitaria. Para isto, identifica perigos para a saúde, os problemas de saúde, e as poboacións máis susceptibles; avalía os riscos asociados aos perigos e os problemas de saúde identificados; vixía (monitoriza) os perigos, os riscos e os problemas de saúde que afectan a poboación galega e, de acordo coas políticas de saúde do Goberno, propón, planifica e, se procede, desenvolve programas e actuacións para controlar os riscos de enfermarse ou morrer prematuramente. Así mesmo, establece a planificación estratéxica do sistema sanitario e coordina as actuacións relacionadas co Plan de Saúde de Galicia, e a ordenación técnica e

profesional, así como a avaliación do sistema sanitario e a abordaxe da protección radiolóxica.

3. Corresponde á Dirección Xeral de Saúde Pública e Planificación, no marco da actuación sanitaria, o desenvolvemento das actividades como autoridade competente en materia de saúde pública e exercer a potestade sancionadora nos termos previstos na lexislación vixente.

4. Así mesmo, a Dirección Xeral de Saúde Pública e Planificación emitirá o informe vinculante a que fai referencia a Lei 5/1995, de regulación das augas minerais, termais, de manancial e dos establecementos sanitarios.

5. Correspóndelle, igualmente, o control e coordinación da Rede de Laboratorios de Saúde Pública.

6. A Dirección Xeral de Saúde Pública e Planificación contará, para o cumprimento das devanditas competencias, coa seguinte estrutura:

- a) A Subdirección Xeral de Planificación Sanitaria e Aseguramento.
- b) A Subdirección Xeral de Información sobre Saúde e Epidemioloxía.
- c) A Subdirección Xeral de Xestión.
- d) A Subdirección Xeral de Programas de Control de Riscos Ambientais para a Saúde.
- e) A Subdirección Xeral de Programas de Fomento de Estilos de Vida Saudables.

Artigo 11º.-*A Subdirección Xeral de Planificación Sanitaria e Aseguramento.*

1. Corresponde a esta subdirección a aplicación e execución das directrices da dirección xeral en materia de planificación e ordenación sanitaria; definición das directrices da dirección xeral en materia de aseguramento e garantía dos dereitos dos cidadáns referidos no título I da Lei 8/2008; definición da carteira de servizos e o establecemento da carta de servizos e a avaliación de tecnoloxías e a elaboración do Plan de saúde de Galicia e todas aquelas funcións que, dentro do seu ámbito competencial, lle sexan asignadas ou delegadas.

2. Para o cumprimento das súas funcións contará, con nivel orgánico de servizo, coas seguintes unidades:

2.1. Servizo de Planificación e Ordenación Sanitaria.

Correspóndenlle as seguintes funcións:

- a) A elaboración da proposta do Plan de saúde e das accións prioritarias derivadas del e o seu seguimento, vixilancia e avaliación do cumprimento e dos resultados, así como a proposta da metodoloxía e alcance dos programas estratéxicos e operativos.
- b) A análise das necesidades sanitarias da poboación e a elaboración dos indicadores sanitarios necesarios para o desenvolvemento das funcións de planificación, así como a elaboración e proposta dos criterios xerais de planificación e a proposta de pla-

nificación e desenvolvemento do programa sobre prácticas e ensinamentos sanitarios especializados; a elaboración da proposta de ordenación territorial sanitaria; a formulación da proposta de planificación e actualización do mapa farmacéutico, así como a realización de informes das solicitudes de autorización previa de creación ou modificación de centros, servizos e establecementos sanitarios e das propostas de autorización relativas á creación, apertura, modificación, traslado, cerramento, transmisión e horarios das oficinas de farmacia e boticas anexas e, en xeral, todas aquelas funcións que, dentro do seu ámbito, lle sexan asignadas.

2.2. Servizo de Aseguramento e Centros Sanitarios.

Correspóndenlle as seguintes funcións:

- a) As propostas de aseguramento sanitario e de ordenación das prestacións sanitarias e sociosanitarias, así como o aseguramento dos dereitos dos cidadáns e o seguimento do seu cumprimento.
- b) A elaboración das propostas de incorporación das prestacións sanitarias non financiadas polo Sistema Nacional da Saúde; a xestión do procedemento de incorporación de novos procedementos, técnicas e outros medios sanitarios na Rede Galega de Atención Sanitaria de Utilización Pública, así como a elaboración da proposta de metodoloxía e de criterios xerais de compra de servizos nos centros da Rede Galega de Atención Sanitaria de Utilización Pública.

c) As propostas dos criterios xerais para asegurar a equidade no acceso ás prestacións e aos servizos sanitarios; a supervisión da equidade no funcionamento da lista de espera e da aplicación dos tempos de garantía, co obxecto de garantir os dereitos individuais dos pacientes; a proposta de niveis de calidade de referencia para todos os dispositivos e prestacións da Rede Galega Sanitaria de Utilización Pública; a proposta de criterios xerais e de coordinación de actuacións sobre calidade e do cadro de mando de calidade asistencial, así como a análise das queixas e reclamacións sobre as prestacións sanitarias, no relativo ao aseguramento dos dereitos dos cidadáns e, en xeral, todas aquelas funcións que, dentro do seu ámbito, lle sexan asignadas.

2.3. Servizo de Tarxeta Sanitaria e Acreditación de Persoal.

Correspóndenlle as seguintes funcións:

- a) A elaboración dos procedementos para garantir a acreditación do dereito á asistencia sanitaria dos cidadáns residentes da Comunidade Autónoma de Galicia, así como o deseño e a xestión dos documentos que acreditan o dereito á asistencia sanitaria pública como medio de acceso aos diferentes servizos sanitarios autenticando tanto os cidadáns como os profesionais sanitarios.
- b) A xestión do Sistema de Información Poboacional do Servizo Galego de Saúde, para identificación

única de todos os usuarios do sistema e desenvolvemento de novas funcionalidades que faciliten a interacción dos cidadáns coa Administración sanitaria, así como a proposta de estratexias para a integración de datos necesarios para a planificación de servizos e o establecemento de medidas de coordinación para o mantemento do sistema de recursos vinculado á tarxeta sanitaria e, en xeral, todas aquelas funcións que, dentro do seu ámbito, lle sexan asignadas.

Artigo 12º.-A Subdirección Xeral de Información sobre Saúde e Epidemioloxía.

1. Corresponde á devandita subdirección xeral a aplicación e execución do Plan de saúde en materia de identificación de problemas de saúde, da avaliación de riscos dos problemas e perigos identificados, e dos programas ou procesos existentes para o seu control, así como a coordinación de iniciativas no ámbito dos sistemas de información de saúde pública e todas aquelas funcións que, dentro do seu ámbito competencial, lle sexan asignadas ou delegadas.

2. Para o cumprimento das súas funcións contará, con nivel orgánico de servizo, coas seguintes unidades:

2.1. Servizo de Epidemioloxía.

Correspóndenlle as funcións de xestión dos sistemas de información de saúde pública e da Rede Galega de Vixilancia en saúde pública, así como a xestión e control de abrochos epidémicos, alertas e crises sanitarias, mediante a coordinación e o seguimento do Sistema de Alerta Epidemiolóxica de Galicia e o asesoramento e a promoción da formación en materia de método epidemiolóxico e, en xeral, todas aquelas funcións que, dentro do seu ámbito, lle sexan asignadas.

2.2. Servizo de Control de Enfermidades Transmisibles.

Correspóndenlle as seguintes funcións:

a) A elaboración e a coordinación da execución do Plan de prevención e control das enfermidades transmisibles e a actualización e a coordinación da estratexia de prevención e control da infección VIH/SIDA en Galicia.

b) A planificación, coordinación e a xestión das actividades do Programa galego de vacinacións e a difusión da información sobre o programa; a planificación, a coordinación e a xestión das actividades do Programa galego de prevención e control da tuberculose e a difusión da información do programa a planificación, programación e a xestión das actividades de prevención e control das enfermidades transmisibles e a difusión da información relacionada con elas e, en xeral, todas aquelas funcións que, dentro do seu ámbito, lle sexan asignadas.

2.3. Servizo de Indicadores de Saúde.

Correspóndenlle as seguintes funcións:

a) A análise integral da información de saúde pública e a avaliación do estado de saúde da comunidade autónoma, así como a elaboración das direc-

trices de control de riscos microbiolóxicos en centros sanitarios.

b) A difusión da información xerada nos sistemas de información de saúde pública e a coordinación dos sistemas de información de saúde pública con outras administracións ou entidades con funcións na materia e, en xeral, todas aquelas funcións que, dentro do seu ámbito, lle sexan asignadas.

Artigo 13º.-Subdirección Xeral de Xestión.

1. Corresponde á devandita subdirección xeral o seguimento do Plan de saúde de Galicia, a coordinación e dirección dos procesos estratéxicos e de soporte común e a avaliación e o control de calidade, así como a planificación e control dos laboratorios de saúde pública e o apoio técnico aos departamentos territoriais e aqueloutras funcións que, dentro do seu ámbito competencial, lle sexan asignadas ou delegadas.

2. Para o cumprimento das súas funcións contará, con nivel orgánico de servizo, coas seguintes unidades:

2.1. Servizo de Coordinación e Control de Xestión.

Correspóndenlle as seguintes funcións:

a) A coordinación da xestión económica e orzamentaria, das actividades de deseño e produción das publicacións oficiais da dirección xeral, dos sistemas lóxicos de aprovisionamento e dos sistemas de comunicación interna da dirección xeral.

b) A coordinación e apoio no deseño dos programas de formación para o persoal da dirección xeral e aqueloutras aspectos da xestión de persoal, sen prexuízo das competencias atribuídas a outras unidades da consellería e, en xeral, todas aquelas funcións que, dentro do seu ámbito, lle sexan asignadas.

2.2. Servizo de Laboratorios de Saúde Pública.

Correspóndenlle as seguintes funcións:

a) A xestión, coordinación e control da rede de laboratorios de saúde pública; a xestión do sistema de información implantado na rede de laboratorios, así como a xestión do rexistro de laboratorios autorizados para ensaios de produtos alimenticios relacionados co consumo humano da comunidade autónoma.

b) A elaboración do plan anual de necesidades e do programa anual de auditorías, así como o deseño e a promoción dos programas de formación para o persoal dos laboratorios de saúde pública e a elaboración da carteira de servizos, e en xeral, todas aquelas funcións que, dentro do seu ámbito, lle sexan asignadas.

2.3 Axencia de Avaliación de Tecnoloxías Sanitarias.

Con rango de servizo, correspóndenlle as seguintes funcións:

a) A proposta de criterios de planificación e das directrices de carácter xeral e o seguimento con res-

pecto á Axencia de Avaliación de Tecnoloxías Sanitarias; a identificación e o estudo das tecnoloxías sanitarias emerxentes e a coordinación e realización de informes técnicos e estudos de avaliación sobre tecnoloxías sanitarias, así como dos sistemas organizativos en que se desenvolve a atención sanitaria, de acordo cos criterios de seguridade, eficacia, efectividade e eficiencia e tendo en conta a súa valoración ética, clínica, económica e social.

b) O deseño de novas organizacións para a aplicación de alta tecnoloxía, así como as propostas de criterios de seguimento e avaliación das súas actividades; a coordinación, deseño, elaboración e difusión de guías de práctica clínica e de recomendacións na aplicación das tecnoloxías sanitarias, propor sistemas de información dirixidos a obter os datos necesarios para a avaliación de tecnoloxías, así como a promoción da investigación científica dirixida a mellorar a metodoloxía necesaria no ámbito da avaliación de tecnoloxías sanitarias e a emisión de informes dos plans e as propostas de novos recursos tecnolóxicos e de novos procedementos, técnica e outros medios sanitarios, cando así se lle solicite, e en xeral, todas aquelas funcións que, dentro do seu ámbito, lle sexan asignadas.

Artigo 14º.-A Subdirección Xeral de Programas de Control de Riscos Ambientais para a Saúde.

1. Correspóndelle a aplicación e execución das directrices da dirección xeral en materia de planificación, e a coordinación dos programas que actúen sobre os factores ambientais determinantes da saúde da cidadanía galega e todas aquelas funcións que dentro do seu ámbito competencial lle sexan asignadas ou delegadas.

2. Para o cumprimento das súas funcións contará, con nivel orgánico de servizo, coas seguintes unidades:

2.1. Servizo de Seguridade Alimentaria.

Correspóndenlle as seguintes funcións:

a) A planificación, a programación e a xestión e difusión de información das actividades de protección da saúde da comunidade autónoma, fronte aos riscos asociados ao consumo de alimentos.

b) A coordinación e o seguimento das actuacións no marco da Rede de Alerta Alimentaria, e en xeral, todas aquelas funcións que, dentro do seu ámbito, lle sexan asignadas.

2.2. Servizo de Sanidade Ambiental.

Correspóndenlle as seguintes funcións:

a) A planificación, programación, xestión e difusión da información das actividades de protección da saúde da comunidade autónoma, fronte aos riscos asociados aos ambientes específicos.

b) A proposta do informe vinculante para os efectos da Lei 5/1995, de regulación das augas minerais, termais, de manancial e dos establecementos sanitarios, e en xeral, todas aquelas funcións que, dentro do seu ámbito, lle sexan asignadas.

2.3. Servizo de Protección Radiolóxica.

Correspóndenlle as seguintes funcións, sen prexuízo das competencias atribuídas a Protección Civil e outros órganos dos diferentes departamentos da Xunta de Galicia:

a) Establecer un sistema de validación e seguimento que permita determinar se o programa de garantía de calidade en radioterapia, medicamento nuclear ou radiodiagnóstico se adecua aos obxectivos previstos, cumpre coas disposicións regulamentarias que lle sexan de aplicación e está implantado de forma efectiva, para os efectos da súa certificación; o seguimento e a vixilancia de cada un dos criterios de calidade establecidos en radioterapia, medicina nuclear ou radiodiagnóstico, realizando, se é o caso, as auditorías necesarias e as propostas de medidas correctoras, procedementos, etc, que correspondan; promover a mellora da calidade, eficiencia e efectividade do acto radiolóxico médico evitando exposicións inadecuadas ou excesivas ás radiacións ionizantes.

b) Elaborar os criterios mínimos que garantan a seguridade, eficacia e eficiencia dos equipamentos das instalacións radiolóxicas, sen prexuízo das competencias do Consello de Seguridade Nuclear e outros organismos con autoridade na materia; elaborar o inventario dos equipos radiolóxicos das instalacións de radiodiagnóstico, radioterapia e de medicina nuclear, e colaborar co Ministerio de Sanidade na realización do Censo Nacional de Instalacións Radioactivas de Uso Médico, así como, a realización dos estudos necesarios para que a Consellería de Sanidade propoña ao Ministerio de Sanidade a actualización dos criterios de ordenación que, en relación coa protección radiolóxica, se aplicará na autorización previa á creación, ampliación e modificación de centros e establecementos sanitarios, e en xeral, todas aquelas funcións que, dentro do seu ámbito, lle sexan asignadas.

Artigo 15º.-A Subdirección Xeral de Programas de Fomento de Estilos de Vida Saudables.

1. Correspóndelle a aplicación e a execución das directrices da dirección xeral en materia de fomento de estilos de vida saudable, e a coordinación das actividades de promoción e educación para a saúde, así como a planificación, programación e xestión das actividades dos programas de cribado poboacional de determinados problemas de saúde individual, e as actuacións en materia de drogodependencias e todas aquelas funcións que dentro do seu ámbito competencial lle sexan asignadas ou delegadas.

2. Para o cumprimento das súas funcións contará, con nivel orgánico de servizo, coas seguintes unidades:

2.1. Servizo de Estilos de Vida Saudables e Educación para a Saúde.

Correspóndenlle as seguintes funcións:

a) A planificación, programación e a xestión das actividades dos programas de promoción de estilos

de vida saudables e a difusión da información sobre os mencionados programas.

b) A planificación, programación e a xestión das actividades de prevención e control das enfermidades non transmisibles e a difusión da información sobre elas, e en xeral, todas aquelas funcións que, dentro do seu ámbito, lle sexan asignadas.

2.2. Servizo de Programas Poboacionais de Cribado.

Correspóndenlle as funcións de planificación, programación e a xestión das actividades dos programas poboacionais de cribado e a difusión de información sobre estas, así como de estudo e deseño de propostas sobre novos programas de cribado poboacional e, en xeral, todas aquelas funcións que, dentro do seu ámbito, lle sexan asignadas.

2.3. Servizo de Drogodependencias e Trastornos Adictivos.

Correspóndenlle as funcións seguintes:

a) As que se asignan ao Comisionado do Plan de Galicia sobre Drogas no Decreto 254/1997, do 10 de setembro (LG 1997/348), polo que se procede á creación do Comisionado do Plan de Galicia sobre drogas.

b) Elaboración, planificación e coordinación de actividades de prevención e control de trastornos adictivos e, en xeral, todas aquelas funcións que, dentro do seu ámbito, lle sexan asignadas.

CAPÍTULO II

ÓRGANOS COLEXIADOS

Artigo 16º.-*O Consello Galego de Saúde e os consellos de saúde de área.*

1. O Consello Galego de Saúde é o principal órgano colexiado de participación comunitaria no Sistema Público de Saúde de Galicia ao que corresponde o asesoramento á Consellería de Sanidade da Xunta na formulación da política sanitaria e o control da súa execución.

Sen prexuízo do seu desenvolvemento regulamentario, a súa composición e funcións son os establecidos polo artigo 24 da Lei 8/2008.

2. Os consellos de saúde de área son os órganos colexiados de natureza consultiva a través dos cales se articula a participación comunitaria no terreo das áreas sanitarias.

Sen prexuízo do seu desenvolvemento regulamentario, a súa composición e funcións son os establecidos polo artigo 25 da Lei 8/2008.

3. Por orde da persoa titular da Consellería de Sanidade poderán establecerse órganos de participación comunitaria a outros niveis territoriais e funcionais do Sistema Público de Saúde de Galicia coa finalidade de asesorar os correspondentes órganos directivos e implicar as organizacións sociais e cida-

dás no obxectivo de conseguir maiores niveis de saúde, de conformidade co disposto nos artigos 26 e 27 da Lei 8/2008.

Artigo 17º.-*O Consello Asesor do Sistema Público de Saúde de Galicia.*

O Consello Asesor do Sistema Público de Saúde de Galicia é o órgano superior de consulta e asesoramento da Consellería de Sanidade. Sen prexuízo do seu desenvolvemento regulamentario, a súa composición e funcións son os establecidos polo artigo 78 da Lei 8/2008.

Artigo 18º.-*Outros órganos colexiados.*

Así mesmo, están adscritos á Consellería de Sanidade, coa composición e funcións que sinalan as súas normas de creación, os seguintes órganos:

-A Comisión de coordinación interconsellerías en materia de drogodependencias.

-A Comisión de coordinación interadministracións públicas en materia de drogodependencias.

-A Comisión de coordinación interadministración con organizacións non gobernamentais, en materia de drogodependencias.

-A Comisión galega de autorización de laboratorios de ensaios de produtos alimenticios relacionados co consumo humano.

Artigo 19º.-*Os órganos de coordinación da Consellería de Sanidade.*

a) O Consello de Dirección da Consellería de Sanidade.

1. Estará integrado polos seguintes membros:

a) A conselleira ou conselleiro de Sanidade, que será o seu presidente.

b) O secretario ou secretaria xeral da Consellería de Sanidade, que será o seu vicepresidente e coordinador.

c) A xerente ou o xerente do Servizo Galego de Saúde.

d) A directora ou director xeral da Consellería de Sanidade e os directores do Servizo Galego de Saúde.

e) Os xefes dos departamentos territoriais da Consellería de Sanidade.

f) Os xerentes ou as xerentes de área.

2. Actuará como secretario do Consello de Dirección, con voz pero sen voto, un funcionario da Consellería de Sanidade nomeado pola conselleira ou conselleiro de Sanidade.

3. O Consello de Dirección funcionará sempre en pleno e reunirse, como regra xeral, unha vez ao mes e sempre que sexa convocado pola súa presidencia.

4. Poderán asistir ás sesións do consello, con voz pero sen voto, os asesores técnicos ou as persoas

representantes de organismos e outras entidades, cando a presidencia se considere oportuno.

5. Serán funcións do Consello de Dirección:

a) Definir os posicionamentos e orientacións de carácter estratéxico da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde.

b) Definir as políticas de financiamento e orzamentos da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde.

c) Definir as políticas de recursos humanos da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde.

d) Definir os proxectos de carácter estratéxico da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde.

e) Definir o cadro de mando da alta dirección da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde.

f) Elaborar todos aqueles informes, en materia da súa competencia, que lle sexan solicitados pola presidencia do Consello de Dirección.

b) O Comité Executivo da Consellería de Sanidade.

1. Estará integrado polos seguintes membros:

a) A conselleira ou conselleiro de Sanidade, que será o seu presidente.

b) O secretario ou secretaria xeral da Consellería de Sanidade, que será o seu vicepresidente e coordinador.

c) A xerente ou o xerente do Servizo Galego de Saúde.

d) A directora ou director xeral da Consellería de Sanidade.

2. Actuará como secretario do Comité Executivo, con voz pero sen voto, un funcionario da Consellería de Sanidade nomeado polo conselleiro ou conselleira de Sanidade.

3. O Comité Executivo funcionará sempre en pleno e reunirse, como regra xeral, unha vez á semana e sempre que sexa convocado pola súa presidencia.

4. Poderán asistir ás sesións do comité, con voz pero sen voto, os asesores técnicos ou as persoas representantes de organismos e outras entidades, cando a presidencia se considere oportuno.

5. Serán funcións do Comité Executivo:

a) Efectuar o seguimento e acordar reorientacións, se é o caso, en orientacións políticas e estratéxicas da consellería, políticas de investimentos e recursos humanos, políticas de financiamento e orzamentos.

b) Efectuar o seguimento e acordar reorientacións, se e o caso, dos proxectos adecuados ás estratexias definidas.

c) Efectuar o seguimento e acordar reorientacións, se e o caso, dos programas e procesos que se vaian desenvolver.

d) Efectuar o seguimento e acordar reorientacións, se e o caso, do cadro de mando sobre os resultados obtidos.

e) A resolución de incidencias no seu ámbito.

CAPÍTULO III

ÓRGANOS PERIFÉRICOS

Artigo 20º.-*Departamentos territoriais.*

Para o exercicio das súas competencias, a Consellería de Sanidade organízase nos departamentos territoriais da Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra, que desenvolverán as súas funcións no ámbito territorial provincial respectivo, sen prexuízo das funcións de coordinación do exercicio das competencias que asume cada delegación no seu correspondente ámbito territorial, de acordo co disposto no artigo 2 do Decreto 245/2009, do 30 de abril.

Artigo 21º.-*Departamentos territoriais da Coruña, Lugo e Ourense.*

1. Os departamentos territoriais da Coruña, Lugo e Ourense, á fronte dos cales estará un xefe ou unha xefa territorial, exercerán as seguintes funcións:

a) Dirixir a xestión dos servizos da xefatura territorial e exercer a supervisión, coordinación e seguimento das súas actividades e, en particular, a información e atención ao cidadán, o rexistro e arquivo e o réxime interior, asumindo a representatividade plena.

b) Coordinar o persoal do departamento territorial da consellería.

c) Elaborar a proposta das dotacións orzamentarias do departamento que se incluírá no anteproxecto de orzamentos da consellería; coñecer e dirixir a xestión económica e o control da execución dos créditos orzamentarios asignados; a coordinación, execución e control dos plans e programas de actuación da consellería, tanto no ámbito da planificación e ordenación sanitaria, como de farmacia e saúde pública, e a recepción, tramitación e resolución, se fose o caso, de cantas denuncias, queixas e reclamacións se produzan no seu ámbito competencial.

d) Incoar e tramitar os expedientes sancionadores derivados da comisión de infraccións administrativas no ámbito das súas competencias, e a resolución daqueles que lle atribúa a normativa vixente, así como acordar a suspensión temporal do exercicio de actividades, a incautación ou a inmovilización de produtos, a intervención de medios e outras de carácter cautelar, no ámbito da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, da normativa de ordenación farmacéutica e das normas sectoriais que resulten de aplicación.

e) As funcións encomendadas, en materia de tramitación e proposta, polo Decreto 146/2001, do 7 de xuño, sobre planificación, apertura, traslado, cerramento e transmisión de oficinas de farmacia, e as tamén encomendadas polo Decreto 176/2001, do 12 de xullo, sobre creación, apertura e funcionamento dos servizos de farmacia e depósitos de medicamentos nas estruturas de atención primaria, así como as previstas pola Orde do 20 de novembro de 2001, pola que se establecen os requisitos e procedementos de autorización das boticas anexas.

f) As funcións que lle outorga o Decreto 12/2009, do 8 de xaneiro e demais normativa en materia de centros, servizos e establecementos sanitarios; as funcións establecidas no Decreto 97/1998, en relación coa publicidade sanitaria e as funcións establecidas no Decreto 245/2009, do 30 de abril, no Decreto 87/1990, do 15 de febreiro e no Decreto 88/1990, do 15 de febreiro.

g) Calquera outra función ou atribución que a lexislación vixente lles confira ou que lles sexa expresamente atribuída ou delegada pola conselleira ou conselleiro de Sanidade.

2. Integran os departamentos territoriais os seguintes servizos:

2.1. Servizo de Planificación, Aseguramento e Ordenación Sanitaria.

Correspóndenlle a este servizo as seguintes funcións:

a) O seguimento, vixilancia e avaliación do cumprimento do Plan de saúde de Galicia; a tramitación e informe dos expedientes de autorización previa, de creación e modificación dos centros, servizos e establecementos sanitarios, e de fabricación, distribución e venda de produtos sanitarios, de conformidade co disposto na súa normativa reguladora, así como, a tramitación das iniciativas de creación de servizos de farmacia e depósitos de medicamentos.

b) O seguimento do cumprimento do aseguramento dos dereitos dos cidadáns e a análise das queixas e reclamacións sobre as prestacións sanitarias, no relativo ao aseguramento dos dereitos dos cidadáns.

c) A xestión da Unidade Provincial de Tarxeta Sanitaria; verificar a execución das medidas adoptadas pola Subdirección Xeral de Farmacia como consecuencia das alertas sobre riscos relacionados cos medicamentos ou produtos sanitarios nos centros, establecementos e servizos sanitarios; a emisión de informes e avaliación dos programas e actividades encomendados e, en xeral, aquelas que dentro do seu ámbito lle sexan asignadas.

2.2. Servizo de Xestión.

Correspóndenlle o exercicio das seguintes funcións:

A organización da execución de programas e o control previo do gasto derivado da execución dos programas que se lle encomenden á xefatura territorial; a elaboración e emisión de informes técnico-

xurídicos de apoio á xefatura territorial, así como a tramitación de expedientes en materia de infraccións e sancións e as propostas de recoñecementos de interese sanitario para actos de carácter científico e, en xeral, aquelas que dentro do seu ámbito lle sexan asignadas.

2.3. Servizo de Alertas Epidemiolóxicas.

Correspóndenlle as seguintes funcións:

A xestión e control de abrochos epidémicos, alertas e crises sanitarias; a coordinación e seguimento do sistema de alerta epidemiolóxica; a organización da execución das actividades do Plan de prevención e control das enfermidades transmisibles, Estratexia de prevención e control do VIH/SIDA, Programa galego de vacinacións e do Programa galego de prevención e control de tuberculose; a organización da execución de actividades de prevención e control de enfermidades transmisibles; a coordinación e emisión de informes e avaliación dos programas e actividades encomendados e, en xeral, aquelas que dentro do seu ámbito lle sexan asignadas.

2.4. Servizo de Control de Riscos Ambientais.

Correspóndenlle o exercicio das seguintes funcións:

a) A tramitación e supervisión do cumprimento das directrices en materia de control de riscos ambientais para a saúde; a vixilancia e control do cumprimento das disposicións ditadas en materia de seguridade alimentaria e de sanidade ambiental e a execución das inspeccións en ambas as materias; a proposta e incoación de expedientes sancionadores por infraccións en materia de seguridade alimentaria e/ou de sanidade ambiental; a tramitación dos expedientes administrativos de centros, establecementos e servizos non sanitarios ou substancias, distintas dos medicamentos; a coordinación e emisión de informes e avaliación dos programas encomendados e, en xeral, aquelas que dentro do seu ámbito lle sexan asignadas.

2.5. Servizo de Laboratorio de Saúde Pública.

Correspóndenlle o exercicio das seguintes funcións:

O desenvolvemento das actividades de laboratorio de saúde pública; a execución das análises que se lle encomenden en materia de saúde pública; o deseño e a implantación dos programas de calidade no laboratorio; a emisión de informes e avaliación dos programas e actividades encomendados, e en xeral, aquelas que dentro do seu ámbito lle sexan asignadas.

2.6. Servizo de Inspección de Servizos Sanitarios.

O Servizo de Inspección de Servizos Sanitarios, con dependencia orgánica e funcional da Secretaría Xeral da consellería, de conformidade co respectivo ámbito de competencia, exercerá as seguintes funcións:

1) O desenvolvemento do Plan anual de inspección no seu ámbito de servizos sanitarios e territorial; as actuacións de inspección e auditoría para a valora-

ción e tramitación das queixas e reclamacións en relación co sistema sanitario.

2) A inspección, avaliación e control da xestión e asistencia sanitaria prestado en todo tipo de centros e servizos, dos concertos e autorizacións de uso sanitario e asistencia sanitaria prestada por mutuas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais, e empresas colaboradoras; dos dispositivos de coordinación de urxencias e emerxencias e prestacións sanitarias complementarias, dos dispositivos de transporte sanitario, así como a realización de propostas de autorizacións de centros e servizos sanitarios, da prestación farmacéutica e control de medicamentos e produtos sanitarios e do sistema de farmacovixilancia.

3) A inspección e control dos medios de publicidade do medicamento; as auditorias de garantía de calidade en protección radiolóxica; a inspección e control sanitario da incapacidade laboral e a colaboración coas entidades xestoras en materia laboral e participación no equipo de valoración de incapacidades.

4) A inspección, avaliación e informe en relación cos aspectos sanitarios dos servizos de prevención de riscos laborais; instrucións do procedemento e elaboración dos informes técnico-sanitarios nos expedientes de responsabilidade patrimonial da Administración sanitaria.

5) A tramitación dos procedementos disciplinarios do persoal facultativo estatutario; a instrución e proposta de resolución dos procedementos sancionadores a establecementos farmacéuticos; a inspección e informe das actividades de investigación, así como da docencia pregraduada e posgraduada nos centros sanitarios e a realización dos informes preceptivos establecidos nos reais decretos 772/1997, do 30 de maio, e 1598/2004, do 2 de xullo.

6) Aqueloutras, que dentro do seu ámbito de actuación, lle sexan asignadas.

Artigo 22º.-Departamento Territorial de Pontevedra.

1. O Departamento Territorial de Pontevedra, á fronte do cal estará un xefe ou unha xefa territorial, exercerá as seguintes funcións:

a) Dirixir a xestión dos servizos da xefatura territorial e exercer a supervisión, coordinación e seguimento das súas actividades e, en particular, a información e atención ao cidadán, o rexistro e arquivo e o réxime interior, asumindo a representatividade plena súa.

b) Coordinar o persoal do departamento territorial da consellería.

c) Elaborar a proposta das dotacións orzamentarias do departamento que se incluírá no anteproxecto de orzamentos da consellería; coñecer e dirixir a xestión económica e o control da execución dos créditos orzamentarios asignados; a coordinación, execución e control dos plans e programas de actuación da consellería, tanto no ámbito da planificación e ordena-

ción sanitaria, como de farmacia e saúde pública, e a recepción, tramitación e resolución, se fose o caso, de cantas denuncias, queixas e reclamacións se produzan no seu ámbito competencial.

d) Incoar e tramitar os expedientes sancionadores derivados da comisión de infraccións administrativas no ámbito das súas competencias, e a resolución daqueles que lle atribúa a normativa vixente, así como acordar a suspensión temporal do exercicio de actividades, a incautación ou a inmovilización de produtos, a intervención de medios e outras de carácter cautelar, no ámbito da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, da normativa de ordenación farmacéutica e das normas sectoriais que resulten de aplicación.

e) As funcións encomendadas, en materia de tramitación e proposta polo Decreto 146/2001, do 7 de xuño, sobre planificación, apertura, traslado, cerramento e transmisión de oficinas de farmacia, e as tamén encomendadas polo Decreto 176/2001, do 12 de xullo, sobre creación, apertura e funcionamento dos servizos de farmacia e depósitos de medicamentos nas estruturas de atención primaria, así como as previstas pola Orde do 20 de novembro de 2001, pola que se establecen os requisitos e procedementos de autorización das boticas anexas.

f) As funcións que lle outorga o Decreto 12/2009, do 8 de xaneiro, e demais normativa en materia de centros, servizos e establecementos sanitarios; as funcións establecidas no Decreto 97/1998, en relación coa publicidade sanitaria e as funcións establecidas no Decreto 245/2009, do 30 de abril, no Decreto 87/1990, do 15 de febreiro, e no Decreto 88/1990, do 15 de febreiro.

g) Calquera outra función ou atribución que a lexislación vixente lles confira ou que lles sexan expresamente atribuída ou delegada pola conselleira ou conselleiro de Sanidade.

2. Integran o departamento os servizos seguintes:

2.1. Servizo de Planificación, Aseguramento e Ordenación Sanitaria.

Correspondenlle a este Servizo as seguintes funcións:

a) O seguimento, vixilancia e avaliación do cumprimento do Plan de Saúde de Galicia; a tramitación e informe dos expedientes de autorización previa, de creación e modificación dos centros, servizos e establecementos sanitarios, e de fabricación, distribución e venda de produtos sanitarios, de conformidade co disposto na súa normativa reguladora, así como a tramitación das iniciativas de creación de servizos de farmacia e depósitos de medicamentos.

b) O seguimento do cumprimento do aseguramento dos dereitos dos cidadáns e a análise das queixas e reclamacións sobre as prestacións sanitarias, no relativo ao aseguramento dos dereitos dos cidadáns.

c) A xestión da Unidade Provincial de Tarxeta Sanitaria; verificar a execución das medidas adoptadas pola Subdirección Xeral de Farmacia como con-

secuencia das alertas sobre riscos relacionados cos medicamentos ou produtos sanitarios nos centros, establecementos e servizos sanitarios; a emisión de informes e avaliación dos programas e actividades encomendados e, en xeral, aquelas que dentro do seu ámbito lle sexan asignadas.

2.2. Servizo de Xestión.

Correspóndelle o exercicio das seguintes funcións:

A organización da execución de programas e o apoio ao xefe territorial de Pontevedra na coordinación das unidades e servizos que teña en Vigo; o control previo do gasto derivado da execución dos programas que se lle encomenden á xefatura territorial; a elaboración e emisión de informes técnico-xurídicos de apoio á xefatura territorial, así como a tramitación de expedientes en materia de infraccións e sancións e as propostas de recoñecementos de interese sanitario para actos de carácter científico e, en xeral, aquelas que dentro do seu ámbito lle sexan asignadas.

2.3. Servizo de Alertas Epidemiolóxicas.

Correspóndenlle as seguintes funcións:

A xestión e control de abrochos epidémicos, alertas e crises sanitarias; a coordinación e seguimento do sistema de alerta epidemiolóxica; a organización da execución das actividades do Plan de prevención e control das enfermidades transmisibles, Estratexia de prevención e control do VIH/SIDA, Programa galego de vacinacións e do Programa galego de prevención e control de tuberculose; a organización da execución de actividades de prevención e control de enfermidades transmisibles; a coordinación e emisión de informes e avaliación dos programas e actividades encomendados e, en xeral, aquelas que dentro do seu ámbito lle sexan asignadas.

2.4. Servizo de Control de Riscos Ambientais.

Correspóndelle o exercicio das seguintes funcións:

a) A tramitación e supervisión do cumprimento das directrices en materia de control de riscos ambientais para a saúde; a vixilancia e control do cumprimento das disposicións ditadas en materia de seguridade alimentaria e de sanidade ambiental e a execución das inspeccións en ambas as materias; a proposta e incoación de expedientes sancionadores por infraccións en materia de seguridade alimentaria e/ou de sanidade ambiental; a tramitación dos expedientes administrativos de centros, establecementos e servizos non sanitarios ou substancias, distintas dos medicamentos; a coordinación e emisión de informes e avaliación dos programas encomendados e, en xeral, aquelas que dentro do seu ámbito lle sexan asignadas.

2.5. Servizo de Laboratorio de Saúde Pública.

Correspóndelle o exercicio das seguintes funcións:

O desenvolvemento das actividades de laboratorio de saúde pública; a execución das análises que se lle encomenden en materia de saúde pública; o deseño e

a implantación dos programas de calidade no laboratorio; a emisión de informes e avaliación dos programas e actividades encomendados, e en xeral, aquelas que dentro do seu ámbito lle sexan asignadas.

Artigo 23º.-*Departamento Territorial de Vigo.*

1. A Consellería de Sanidade en Vigo contará para o exercicio das súas competencias, en todo o ámbito provincial, co Servizo de Inspeccións dos Servizos Sanitarios.

2. Servizo de Inspección de Servizos Sanitarios.

O Servizo de Inspección de Servizos Sanitarios, con dependencia orgánica e funcional da Secretaría Xeral da consellería, de conformidade co respectivo ámbito de competencia, exercerá as seguintes funcións:

1) O desenvolvemento do Plan anual de inspección no seu ámbito de servizos sanitarios e territorial; as actuacións de inspección e auditoría para a valoración e tramitación das queixas e reclamacións en relación co sistema sanitario.

2) A inspección, avaliación e control da xestión e asistencia sanitaria prestada en todo tipo de centros e servizos, dos concertos e autorizacións de uso sanitario e asistencia sanitaria prestada por mutuas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais, e empresas colaboradoras; dos dispositivos de coordinación de urxencias e emerxencias e prestacións sanitarias complementarias, dos dispositivos de transporte sanitario, así como a realización de propostas de autorizacións de centros e servizos sanitarios, da prestación farmacéutica e control de medicamentos e produtos sanitarios e do sistema de farmacovixilancia.

3) A inspección e control dos medios de publicidade do medicamento; as auditorías de garantía de calidade en protección radiolóxica; a inspección e control sanitario da incapacidade laboral e a colaboración coas entidades xestoras en materia laboral e participación no equipo de valoración de incapacidades.

4) A inspección, avaliación e informe en relación cos aspectos sanitarios dos servizos de prevención de riscos laborais; instrucións do procedemento e elaboración dos informes técnico-sanitarios nos expedientes de responsabilidade patrimonial da Administración sanitaria.

5) A tramitación dos procedementos disciplinarios do persoal facultativo estatutario; a instrución e proposta de resolución dos procedementos sancionadores a establecementos farmacéuticos; a inspección e informe das actividades de investigación, así como da docencia pregraduada e posgraduada nos centros sanitarios e a realización dos informes preceptivos establecidos nos reais decretos 772/1997, do 30 de maio, e 1598/2004, do 2 de xullo.

6) Aquelas que dentro do seu ámbito de actuación lle sexan asignadas.

Disposición adicional

Primeira.-As funcións e competencias atribuídas por outras normas ás extintas delegacións provinciais da Consellería de Sanidade non previstas neste decreto entenderanse atribuídas aos xefes ou ás xefas territoriais desta consellería.

Disposicións transitorias

Primeira.-Cando, como consecuencia da estrutura orgánica que se establece neste decreto, se modifique a denominación ou o contido funcional das subdireccións xerais ou de servizos existentes, autorízase a conselleira ou conselleiro de Sanidade, por proposta da Secretaría Xeral, para adscribir ao persoal funcionario que ocupaba o posto existente ao posto equivalente que figura neste decreto.

No caso de supresión ou amortización das subdireccións xerais ou xefaturas de servizo será de aplicación o establecido na normativa vixente en materia de función pública.

Segunda.-As unidades e postos de traballo con nivel orgánico inferior ao de servizo correspondentes ás subdireccións xerais ou servizos suprimidos ou amortizados como consecuencia deste decreto continuarán subsistentes e retribuiranse con cargo aos mesmos créditos orzamentarios, ata que se aprobe a nova relación de postos de traballo adaptada á estrutura orgánica establecida neste decreto. As unidades e os postos de traballo encadrados nos órganos suprimidos adscribiranse provisionalmente, por orde da conselleira ou conselleiro por proposta da Secretaría Xeral, aos órganos establecidos neste decreto en función das atribucións que teñen asignadas.

Terceira.-Mentres non se desenvolva a estrutura orgánica a nivel periférico do Servizo Galego de Saúde, os directores provinciais seguirán formando parte do Consello de Dirección da Consellería de Sanidade.

Cuarta.-A Consellería de Sanidade, de conformidade co disposto no artigo 17.5º do Decreto lexislativo 1/2008, polo que se aprobou o texto refundido da Lei da función pública de Galicia, elaborará a proposta de relación de postos de traballo resultantes da aplicación deste decreto, efectuando a súa tramitación de acordo coa normativa vixente.

Quinta.-Cando, como consecuencia da estrutura orgánica que se establece neste decreto, algunha das unidades administrativas existentes cambie a súa adscripción do Servizo Galego de Saúde á Consellería de Sanidade ou viceversa, ou dentro da mesma sección cambie de servizo, poderá continuar coa xestión dos créditos orzamentarios que teña encomendados independentemente do orzamento de gastos onde se sitúen estes.

Disposición derogatoria

Queda derogado o Decreto 45/2006, do 23 febreiro, que establece a estrutura orgánica da Consellería de Sanidade, así como cantas disposicións de igual ou inferior rango que se opoñan ao disposto neste decreto.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Facúltase a conselleira ou conselleiro de Sanidade para ditar cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento deste decreto.

Segunda.-Este decreto entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, vinte e oito de maio de dous mil nove.

Alberto Núñez Feijóo
Presidente

Pilar Farjas Abadía
Conselleira de Sanidade

Decreto 311/2009, do 28 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica dos servizos centrais do Servizo Galego de Saúde.

Para o adecuado desenvolvemento das competencias que no ámbito sanitario lle corresponden á Comunidade Autónoma de Galicia, a Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, no seu título VI, establece que no Servizo Galego de Saúde se integran todos os centros, servizos e establecementos sanitarios e administrativos creados pola Administración da Xunta de Galicia ou procedentes de transferencias, así como as entidades sanitarias de natureza pública que se lle adscriban, e atribúelle á Consellería de Sanidade o exercicio das facultades de dirección, vixilancia e tutela sobre e, en particular, o exercicio das potestades regulamentarias e de organización que lle atribúe a lei e as restantes disposicións que sexan de aplicación.

O Servizo Galego de Saúde exercerá o goberno, a dirección e a xestión dos centros, servizos e establecementos sanitarios propios ou adscritos, garantindo a provisión dos servizos e prestacións de asistencia sanitaria de cobertura pública; coordinará a xestión dos recursos humanos, materiais e financeiros que teña asignados, e exercerá aquelas funcións que lle delegue ou encomende a Consellería de Sanidade.

O compromiso de austeridade, eficacia e eficiencia no deseño e funcionamento da Administración da Xunta de Galicia, adquirido polo goberno e plasmado no Decreto 79/2009, do 19 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, debe ter a necesaria translación e reflexo nas normas regulamentarias que establecen a estrutura orgánica dos distintos organismos vinculados ou dependentes, entre os que se atopa o Servizo Galego de Saúde, como organismo autónomo de carácter administrativo adscrito á Consellería de Sanidade.